

**PROGRAMA DE
TELEASISTENCIA
DOMICILIARIA**



XUNTA DE GALICIA



PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

Que é a teleasistencia domiciliaria?

O servizo de teleasistencia promove a autonomía persoal, evita o illamento e proporciona seguridade e tranquilidade ás persoas usuarias e ás súas familias.

O programa de teleasistencia domiciliaria é un servizo de prevención que comunica a persoa usuaria cunha central con tan só pulsar un botón, na actualidade da Cruz Vermella, e que ofrece unha resposta inmediata ante situacións de emerxencia.

A teleasistencia domiciliaria garante a seguridade da persoa usuaria no seu fogar e a tranquilidade da familia sabendo que o seu familiar terá unha atención inmediata no caso dunha situación que requira unha intervención urxente.

A que persoas vai dirixida?

Persoas maiores ou con discapacidade que viven soas ou pasan soas a maior parte do día, que aínda que teñan certo grao de dependencia poidan manexar o pulsador no caso dunha emerxencia.

Servizos que ofrece:

Para poder solicitar este servizo é requisito indispensable ter teléfono fixo e unha persoa de confianza con chave do domicilio por se é preciso entrar no caso dunha emerxencia.

- Atención inmediata e adecuada a través da liña telefónica por profesionais especializados con tan só pulsar o colgante que debe levar posto sempre, incluso na ducha por posibles caídas
- Actuación ante situacións de urxencia sanitaria ou social, producidas no seu domicilio mobilizando o recurso máis adecuado a cada situación.
- Aviso aos seus familiares ou persoas de referencia
- Compañía e conversación ante situacións de soidade
- Axendas para recordarlle datos importantes como toma de medicación e visitas médicas.
- Chamadas de seguimento periódico que lle permitan sentirse máis seguro.

Como solicitar o servizo?

Nos servizos sociais do seu concello ou centro de saúde que iniciarán o expediente de solicitude do recoñecemento de dependencia solicitando como recurso o servizo de teleasistencia. O servizo ten un copagamento dependendo da capacidade económica da persoa solicitante.



Teléfono Social (de balde)
900 333 666

www.xunta.es



galicia



XUNTA DE GALICIA